

**RESOLUCIÓN DO 24 DE XANEIRO DE 2011, DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E XESTIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS, POLA QUE SE MODIFICA O PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL DA RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO “OS MIÑARZOS” PARA O ANO 2011, NO SEU ANEXO II: RELACIÓN DE EMBARCACIÓNS DO CENSO AUTORIZADAS A FAENAR CON NASA DE CENTOLA NA RMIP “OS MIÑARZOS”**

## **Feitos**

En decembro de 2010, na Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, recíbense as solicitudes das embarcacións GRACIELA (CO - 5 - 1996), TRES HERMANAS (CO - 4 - 872), BENIGNO (CO - 5 - 1931), TRES HERMANOS (CO - 6 - 2095), P.A. (VILL - 3 - 9723) e DOSIL (CO - 5-1910) a súa inclusión no anexo II do Plan de Xestión Integral da RMIP “Os Miñarzos”

## **Consideracións legais**

O Plan de Xestión Integral da reserva mariña de interese pesqueiro “Os Miñarzos” foi aprobado mediante Resolución do 27 de decembro de 2010 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

Toda actividade profesional, tanto pesqueira coma marisqueira, que se vaia desenvolver dentro da reserva mariña queda suxeita ás medidas adoptadas neste Plan de Xestión Integral, en concreto as mencionadas no Decreto 87/2007 do 12 de abril, modificado polo Decreto 240/2008 do 2 de outubro.

No apartado 2.2 “Descrición das artes” do Plan de Xestión Integral, establécense as condicións e requisitos para a inclusión de embarcacións no anexo II, correspondente á relación de embarcacións do censo autorizadas a faenar con nasa de centola na RMIP “Os Miñarzos”.

Feitas as oportunas verificacións, comprobouse que:

- As embarcacións GRACIELA (CO - 5 - 1996), TRES HERMANAS (CO - 4 - 872), TRES HERMANOS (CO - 6 - 2095), P.A. (VILL - 3 - 9723) e DOSIL (CO - 5-1910), reúnen os requisitos para a súa inclusión no anexo II.
- A embarcación BENIGNO (CO - 5 - 1931), que na solicitude remitida no seu día renuncia a arte liña - cordel, non reúne os requisitos para a súa inclusión no anexo II ao despachar a dita arte o 12 de xaneiro de 2011.

Segundo artigo 6 do Decreto 312/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar, correspóndelle á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños *“as competencias sobre ordenación pesqueira, tanto de carácter profesional como recreativo; ordenación do marisqueo e da acuicultura;*

*establecemento das condicións para o exercicio das actividades pesqueiras, marisqueiras e de acuicultura mariña; conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños”.*

En base ao disposto no *Decreto 312/2009, do 28 de maio*, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar (artigo 6) e na disposición final 1ª da Orde do 27 de novembro de 2007, pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro “Os Miñarzos”, e á vista dos feitos e das consideracións legais, esta Dirección Xeral **resolve**:

- 1º Modificar o anexo II do Plan de Xestión Integral 2011 da RMIP “Os Miñarzos” incluíndo as embarcacións GRACIELA (CO - 5 - 1996), TRES HERMANAS (CO - 4 - 872), TRES HERMANOS (CO - 6 - 2095), P.A. (VILL - 3 - 9723) e DOSIL (CO-5-1910).**
- 2º Non incluír a embarcación BENIGNO (CO - 5 - 1931) por non cumprir os requisitos establecidos no Plan de Xestión Integral 2011 da RMIP “Os Miñarzos”.**

A presente resolución non modifica o resto de condicións establecidas no Plan de xestión integral.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo de un mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da *Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*.

Santiago de Compostela, a 24 de xaneiro de 2011  
O director xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños



Pablo R. Fernández Asensio



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DO MAR**  
Dirección Xeral de Ordenación  
E Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 47 40

ANEXO II: Relación de embarcacións do censo autorizadas a faenar con nasa de centola na RMIP “Os Miñarzos”

CONFRARÍA	EMBARCACIÓN	MATRICULA	ARTES NO PERMEX	ARTE AO QUE RENUNCIAN
LIRA	DOSIL	CO - 5 - 1910	Nasa polbo, Bicheiro	-
LIRA	GRACIELA	CO - 5 - 1996	Liña ou cordel, Bicheiro, Nasa polbo, Nasa nécora, Percebe (Z5)	Liña ou cordel
LIRA	P.A.	VILL - 3 - 9723	Bicheiro, Nasa polbo, Nasa nécora, Endeño remolcado (Z5)	-
LIRA	TRES HERMANAS	CO - 4 - 872	Bicheiro, Nasa polbo, Percebe (Z5)	-
LIRA	TRES HERMANOS	CO - 6 - 2095	Bicheiro, Liña ou cordel, Percebe (Z5)	-